

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

17005 *Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula de forma específica nos seus artigos 54 a 58 as ensinanzas artísticas superiores sinalando como tales os estudos superiores de música e de danza, as ensinanzas de arte dramática, as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e os estudos superiores de deseño e de artes plásticas, entre os que se inclúen os de cerámica e de vidro.

O artigo 46.2 desta lei establece que a definición do contido e da avaliación das ensinanzas artísticas superiores se fará no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo, coa participación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e, de ser o caso, do Consello de Universidades, e o artigo 58 indica que corresponde ao Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, definir a estrutura e o contido básico dos diferentes títulos das ensinanzas artísticas superiores e establecer as condicións para a oferta de estudos de posgrao nos centros que imparten esas ensinanzas.

Este real decreto, seguindo os principios sentados pola citada lei, ordena as ensinanzas artísticas superiores desde a dobre perspectiva da súa integración no sistema educativo e a formulación global do conxunto das ensinanzas artísticas, e dótaas dun espazo propio e flexible en consonancia cos principios do Espazo Europeo da Educación Superior.

Con este fin propónse un cambio estrutural baseado na flexibilidade na organización do ensino e a renovación das metodoloxías docentes, cuxo obxectivo se centra no proceso de aprendizaxe do estudante, a adquisición de competencias, a adecuación dos procedementos de avaliación, a realización de prácticas externas, a mobilidade dos estudantes e a promoción da aprendizaxe ao longo da vida.

Acorde con esta formulación, propónse a incorporación do sistema europeo de recoñecemento, transferencia e acumulación de créditos ECTS, como a unidade de medida que reflicte os resultados da aprendizaxe e o volume de traballo realizado polo estudante para alcanzar as competencias de cada ensinanza e a expedición do suplemento europeo ao título co fin de promover a mobilidade de estudantes e titulados españois no espazo europeo do ensino superior.

Este real decreto estrutura as ensinanzas artísticas superiores en grao e posgrao, prevendo neste último nivel as ensinanzas de máster e os estudos de doutoramento no ámbito das disciplinas que lles son propias mediante convenios coas universidades. Así mesmo, establécense as directrices para o deseño dos títulos correspondentes e, de ser o caso, as condicións e o procedemento para a súa verificación e acreditación.

Para conseguir estes obxectivos, os centros de ensinanzas artísticas superiores deberán dispor de autonomía nos ámbitos organizativo, pedagóxico e económico e correspóndelles ás administracións educativas impulsar e dotar os citados centros dos recursos necesarios para garantir o cumprimento dos principios que sustentan o novo espazo común europeo.

Entre os principios xerais que deben inspirar os novos títulos débese ter en conta que a formación en calquera actividade profesional debe contribuír ao coñecemento e desenvolvemento dos dereitos humanos, os principios democráticos, os principios de igualdade entre mulleres e homes, de solidariedade, de protección ambiental, de accesibilidade universal e deseño para todos, de respecto ao patrimonio cultural e natural e de fomento da cultura da paz.

Este real decreto consta de seis capítulos, oito disposicións adicionais e tres disposicións derradeiras.

No capítulo I artículanse o obxecto, o ámbito de aplicación e expedición dos títulos, a definición dos créditos europeos, o sistema de cualificacións e o recoñecemento e transferencia dos mencionados créditos.

No capítulo II regúlanse os tres ciclos correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores oficiais: ensinanzas de grao, ensinanzas de máster e estudos de doutoramento.

No capítulo III, dedicado ás ensinanzas de grao, establécese o contido básico para o deseño dos plans de estudos e para o acceso a eles.

No capítulo IV, dedicado ás ensinanzas de máster, establécense igualmente as condicións para o rexistro dos títulos, para o deseño dos plans de estudos e para o acceso e a admisión, así como a renovación da acreditación dos títulos.

O capítulo V ocúpase do suplemento europeo ao título como documento que acompaña a cada un dos títulos de educación superior de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

O capítulo VI refírese aos sistemas e procedementos de avaliación periódicos da calidade destas ensinanzas.

Ademais, este real decreto refírese aos efectos dos títulos, á implantación das novas ensinanzas e incorporación a elas dos estudantes, a programas de investigación, á autonomía dos centros e á articulación da oferta destas ensinanzas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o Consello de Universidades e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a estrutura e os aspectos básicos da ordenación das ensinanzas artísticas superiores, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e de conformidade coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas neste real decreto son de aplicación ás ensinanzas artísticas superiores a que se refire a sección III do capítulo VI da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Ensinanzas artísticas superiores e expedición de títulos.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores impartirán as ensinanzas a que se refire o artigo 58.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Os títulos correspondentes ás ensinanzas reguladas por este real decreto serán homologados polo Estado e expedidos polas administracións educativas nas condicións previstas no artigo 6.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Os títulos a cuxa obtención conduce a superación das ensinanzas artísticas superiores deberán ser inscritos nunha sección específica do Rexistro Central de Títulos e acreditados, de ser o caso, de acordo coas previsións contidas neste real decreto.

4. Entre os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os plans de estudos deberán ter en conta que calquera actividade profesional se debe realizar:

a) Desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, e deberán incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con estes dereitos.

b) Desde o respecto e promoción dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal e deseño para todos de conformidade co disposto na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e deberán incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos citados dereitos e principios.

c) De acordo cos valores propios dunha cultura de paz e de valores democráticos, e deberán incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con tales valores.

Artigo 4. *Créditos europeos.*

1. De acordo co sistema europeo de transferencia de créditos regulado no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, o haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de ensinanzas artísticas superiores medirase en créditos europeos ECTS. Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o estudante debe realizar para alcanzar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos.

2. O número total de créditos establecido nos plans de estudos para cada curso académico será de 60. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias integradas no plan de estudos que deba cursar o estudante.

3. Na asignación de créditos para cada materia e disciplina que configuren o plan de estudos computarase o número de horas de traballo requiridas para a adquisición polos estudantes dos coñecementos, capacidades e destrezas correspondentes. Nesta asignación estarán comprendidas as horas correspondentes ás aulas lectivas, teóricas ou prácticas, as horas de estudo, as dedicadas á realización de seminarios, traballos, prácticas e proxectos e as exixidas para a preparación e realización dos exames e probas de avaliación.

4. Esta asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número de horas entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico. O número mínimo de horas por crédito será de 25 e o número máximo de 30.

5. A estrutura de créditos definida referirase a un curso completo. No caso de que o estudante realice estudos a tempo parcial, recoñeceráselle a parte correspondente.

Artigo 5. *Sistema de cualificacións.*

1. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia comportará ter superado os exames ou probas de avaliación correspondentes.

2. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase mediante cualificacións numéricas que se reflectirán no seu expediente académico, xunto coa porcentaxe de distribución destas cualificacións sobre o total de estudantes que cursasen as materias correspondentes en cada curso académico.

3. A media do expediente académico de cada estudante será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo estudante multiplicados cada un deles

polo valor das cualificacións que correspondan e dividida polo número de créditos totais obtidos polo estudante.

4. Os resultados obtidos polo estudante en cada unha das materias do plan de estudos cualifícanse en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se lle poderá engadir a súa correspondente cualificación cualitativa:

0-4,9: suspenso (SS).

5,0-6,9: aprobado (AP).

7,0-8,9: notable (NT).

9,0-10: sobresaliente (SB).

5. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán para efectos de cómputo da media do expediente académico.

6. A mención de «matrícula de honra» poderalles ser outorgada aos estudantes que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o cinco por cento dos estudantes matriculados nunha materia no correspondente curso académico, salvo que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa «matrícula de honra».

Artigo 6. *Recoñecemento e transferencia de créditos.*

1. Con obxecto de facer efectiva a mobilidade de estudantes, tanto dentro do territorio nacional como fóra del, as administracións educativas farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos das ensinanzas artísticas superiores.

2. Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por recoñecemento a aceptación por unha Administración educativa dos créditos que, sendo obtidos nunhas ensinanzas oficiais, en centros de ensinanzas artísticas superiores ou outro centro do Espazo Europeo da Educación Superior, son computados para efectos da obtención dun título oficial.

3. Así mesmo, a transferencia de créditos implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluírán a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, en centros de ensinanzas artísticas superiores ou outro centro do Espazo Europeo da Educación Superior, que non conducisen á obtención dun título oficial.

4. Todos os créditos obtidos polo estudante en ensinanzas artísticas oficiais cursados en calquera comunidade autónoma, os transferidos, os recoñecidos e os superados para a obtención do correspondente título, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no suplemento europeo ao título.

CAPÍTULO II

Estrutura das ensinanzas artísticas superiores oficiais

Artigo 7. *Estrutura xeral.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores a que se refire o artigo 58.3 da Lei orgánica, do 3 de maio, de educación, poderán ofertar ensinanzas de grao e máster.

2. Así mesmo, e de conformidade co artigo 58.5 da citada lei orgánica, as administracións educativas fomentarán convenios coas universidades para a organización de estudos de doutoramento propios das ensinanzas artísticas.

Artigo 8. *Ensinanzas artísticas de grao.*

1. As ensinanzas artísticas de grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, e unha formación orientada

á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. A súa superación dará lugar á obtención do título de graduado ou graduada en ensinanzas artísticas.

2. Os títulos de graduado ou graduada en ensinanzas artísticas terán a denominación que a continuación se establece, seguida da especialidade correspondente:

Graduado ou graduada en música.

Graduado ou graduada en danza.

Graduado ou graduada en arte dramática.

Graduado ou graduada en conservación e restauración de bens culturais.

Graduado ou graduada en deseño.

Graduado ou graduada en artes plásticas.

Artigo 9. *Ensinanzas artísticas de máster.*

1. A superación das ensinanzas de máster dará dereito á obtención do título de máster en ensinanzas artísticas.

2. As ensinanzas artísticas de máster teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

3. A denominación dos títulos de máster será: «Máster en ensinanzas artísticas» seguido da denominación específica do título.

Artigo 10. *Estudos de doutoramento.*

As administracións educativas, de acordo co artigo 58.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, fomentarán convenios coas universidades para a organización de estudos de doutoramento propios das ensinanzas artísticas. Estes convenios deberán incluír os criterios de admisión e as condicións para a realización e elaboración da tese de doutoramento e a súa adecuación ás particularidades das ensinanzas artísticas superiores, entre as que se poderá considerar a interpretación e a creación, de conformidade co establecido neste real decreto.

CAPÍTULO III

Ensinanzas artísticas superiores oficiais de grao

Artigo 11. *Contido básico para o deseño dos plans de estudos dos títulos de graduado ou graduada.*

1. De conformidade co artigo 58.1 da Lei orgánica de educación, o Goberno definirá, de acordo coas directrices establecidas neste real decreto e logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o contido básico a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de graduado e graduada, que se referirá ás competencias, materias e aos seus descritores, contidos e número de créditos correspondentes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, aprobarán o plan de estudos correspondente a cada título, de acordo co establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e neste real decreto.

3. O Ministerio de Educación, unha vez aprobado pola Administración educativa correspondente, procederá a homologalo e inscribilo no Rexistro Central de Títulos, de conformidade co artigo 3.3 deste real decreto.

4. Os plans de estudos terán 240 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias de formación básica propias do seu ámbito, materias obrigatorias e optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de grao e outras actividades formativas.

5. Se se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberanse ofrecer preferentemente na segunda metade do plan de estudos.

6. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e presentación dun traballo fin de grao por parte do estudante, que terá unha extensión mínima de 6 créditos e máxima de 30 créditos. Deberase realizar na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

7. Os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Artigo 12. *Acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título de graduado ou graduada.*

1. O acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título graduado ou graduada nos diferentes ámbitos requirirá estar en posesión do título de bacharel ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a superación das correspondentes probas específicas a que se refiren os artigos 54, 55, 56 e 57 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. As administracións educativas disporán de sistemas de información e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación ás ensinanzas artísticas superiores correspondentes. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento adecuados, que valorarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares.

CAPÍTULO IV

Ensinanzas artísticas oficiais de máster

Artigo 13. *Rexistro dos títulos de máster.*

1. As administracións educativas enviarán a proposta dos plans de estudos das ensinanzas artísticas superiores do título de máster para a súa homologación polo Ministerio de Educación.

2. O Ministerio de Educación enviará o plan de estudos á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou, de ser o caso, á axencia de avaliación da comunidade autónoma correspondente, que o avaliará de acordo cos protocolos que para tal efecto se establezan.

3. A axencia de avaliación elaborará unha proposta de informe, en termos favorables ou desfavorables ao plan de estudos presentado, que poderá incluír, de ser o caso, recomendacións de modificación, que remitirá á Administración educativa correspondente para que no prazo de vinte días naturais presente alegacións. A axencia de avaliación enviará o informe definitivo ao Ministerio de Educación.

4. O Ministerio de Educación enviará o plan de estudos ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas para que emita informe.

5. No prazo de seis meses desde que se iniciou o procedemento, o Ministerio de Educación, vistos os informes do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e da axencia avaliadora correspondente, ditará resolución de homologación. Esta resolución comunicaráse á Administración educativa interesada.

6. Contra a citada resolución de homologación, a Administración educativa correspondente poderá recorrer perante o Ministerio de Educación.

7. A inscrición no Rexistro Central de Títulos a que se refire este artigo terá como efecto a consideración inicial de título acreditado.

8. As modificacións dos plans de estudos de máster serán aprobadas polas administracións educativas e notificadas ao Ministerio de Educación.

No suposto de que tales modificacións non supoñan un cambio na natureza e obxectivos do título inscrito, ou transcorresen tres meses sen pronunciamento expreso, considerarase aceptada a modificación. En caso contrario, considerarase que se trata dun novo plan de estudos e así se comunicará para os efectos de iniciar, de ser o caso, o procedemento establecido neste real decreto. Neste suposto, o plan de estudos anterior considerarase extinguido e darase conta disto para a súa oportuna anotación no Rexistro Central de Títulos.

Artigo 14. Deseño dos plans de estudos do título de máster.

1. Os plans de estudos dos títulos de máster serán elaborados polas administracións educativas por iniciativa propia ou por proposta dos centros e inscritos no Rexistro Central de Títulos de acordo co establecido neste real decreto.

2. Estes plans de estudos terán entre 60 e 120 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba recibir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de máster, actividades de avaliación, e outras que resulten necesarias segundo as características propias de cada título.

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de interpretación, de creación ou de investigación fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos.

Artigo 15. Acceso ás ensinanzas artísticas oficiais de máster.

1. Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título superior oficial de ensinanzas artísticas, dun título oficial de graduado ou graduada ou o seu equivalente expedido por unha institución do Espazo Europeo de Educación Superior que faculte no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de máster.

2. Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de comprobación pola Administración educativa competente de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión do interesado, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas artísticas de máster.

Artigo 16. Admisión ás ensinanzas artísticas oficiais de máster.

1. Os estudantes poderán ser admitidos a un máster, conforme os requisitos específicos e criterios de valoración de méritos que, de ser o caso, sexan propios do título de máster ou estableza a Administración educativa competente.

2. As administracións educativas incluírán os procedementos e requisitos de admisión no plan de estudos, entre os que poderán figurar requisitos de formación previa específica nalgunhas disciplinas.

3. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas da condición de discapacidade, os servizos e apoio e asesoramento adecuados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares.

Artigo 17. Renovación da acreditación dos títulos das ensinanzas artísticas oficiais de máster.

1. Os títulos de máster das ensinanzas artísticas superiores oficiais deberanse someter a un procedemento de avaliación cada 6 anos contados desde a data da súa homologación, co fin de manter a súa acreditación.

2. A acreditación dos títulos manterase cando obteñan un informe de acreditación positivo efectuado pola ANECA ou polos órganos de avaliación creados polas comunidades autónomas e comunicado ao Rexistro Central de Títulos para a renovación da inscrición.

3. Para obter un informe positivo deberase comprobar que o plan de estudos correspondente se está a levar a cabo de acordo co proxecto autorizado, mediante unha avaliación que incluíra, en todo caso, unha visita externa ao centro docente. En caso de informe negativo, comunicáraselle á Administración educativa competente para que as deficiencias encontradas poidan ser corrixidas. De non o ser, o título causará baixa no mencionado rexistro e perderá o seu carácter oficial e a súa validez en todo o territorio nacional, establecéndose na resolución correspondente as garantías necesarias para os estudantes que se encontren cursando tales estudos.

4. A ANECA e os órganos de avaliación que as comunidades autónomas determinen farán un seguimento dos títulos rexistrados, baseándose na información pública dispoñible, ata o momento en que se deban someter á avaliación para renovar a súa acreditación. En caso de se detectar algunha deficiencia, esta será comunicada á Administración educativa competente para que poida ser reparada.

CAPÍTULO V

Suplemento europeo ao título

Artigo 18. *Expedición.*

1. Co fin de promover a mobilidade de estudantes e titulados españois no Espazo Europeo de Educación Superior, as administracións educativas expedirán, xunto co título, o suplemento europeo ao título, de acordo coas características que regulamentariamente se determinen.

2. O suplemento europeo ao título é o documento que acompaña a cada un dos títulos da educación superior de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, coa información unificada, personalizada para cada titulado superior, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de educación superior.

3. O suplemento europeo ao título debe conter a seguinte información:

Datos do estudante.

Información da titulación.

Información sobre o nivel da titulación.

Información sobre o contido e os resultados obtidos.

Información sobre a función da titulación.

Información adicional.

Certificación do suplemento.

Información sobre o sistema nacional de educación superior.

4. No caso de estudantes que cursen só parte dos estudos conducentes a un título das ensinanzas artísticas superiores de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, non se expedirá o suplemento europeo ao título senón unicamente unha certificación de estudos, co contido do modelo do suplemento que proceda.

CAPÍTULO VI

Calidade e avaliación dos títulos das ensinanzas artísticas superiores

Artigo 19. *Calidade e avaliación.*

1. As administracións educativas impulsarán sistemas e procedementos de avaliación periódica da calidade destas ensinanzas. Os criterios básicos de referencia serán os definidos e regulados no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior. Para iso, os órganos de avaliación que as administracións educativas determinen, no ámbito das súas

competencias, deseñarán e executarán en colaboración cos centros de ensinanzas artísticas superiores os plans de avaliación correspondentes.

2. A avaliación da calidade destas ensinanzas terá como obxectivo mellorar a actividade docente, investigadora e de xestión dos centros, así como fomentar a excelencia e mobilidade de estudantes e profesorado.

Disposición adicional primeira. *Efectos dos títulos.*

Os títulos a que se refire este real decreto serán equivalentes, para todos os efectos, aos correspondentes títulos universitarios de grao e máster.

Disposición adicional segunda. *Implantación das novas ensinanzas e incorporación a elas dos estudantes*

Os aspectos relacionados coa implantación das novas ensinanzas e a incorporación a estas dos estudantes regularanse na normativa específica de cada título.

Disposición adicional terceira. *Efectos dos títulos correspondentes á anterior ordenación.*

1. Os títulos das ensinanzas artísticas superiores oficiais obtidos conforme plans de estudos anteriores aos regulados neste real decreto manterán todos os seus efectos académicos e, de ser o caso, profesionais.

2. Quen, estando en posesión de títulos de ensinanzas artísticas superiores oficiais de anteriores ordenacións, pretenda obter un dos títulos de graduado ou graduada mencionados neste real decreto, obterá o recoñecemento de créditos que proceda, para efectos de cursar os créditos restantes necesarios para a obtención do correspondente título de graduado ou graduada.

Disposición adicional cuarta. *Acceso ás ensinanzas universitarias oficiais.*

De conformidade co recoñecemento establecido nos artigos 54, 55, 56, 57 e 58, da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, de equivalencias de titulacións das ensinanzas artísticas superiores e as ensinanzas universitarias, os títulos oficiais das ensinanzas artísticas superiores permitirán o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de máster e doutoramento, sen prexuízo doutros criterios de admisión que, de ser o caso, determine a universidade a que se pretenda acceder.

Disposición adicional quinta. *Programas de investigación.*

De acordo co artigo 58.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os centros de ensinanzas artísticas superiores fomentarán, mediante os procedementos que as administracións educativas establezan, programas de investigación no ámbito das disciplinas que lle son propias.

Disposición adicional sexta. *Autonomía dos centros de ensinanzas artísticas superiores.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores disporán de autonomía nos ámbitos organizativo, pedagóxico e de xestión, e o seu funcionamento deberá garantir o cumprimento das súas funcións, de acordo co artigo 107.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. As administracións educativas dotarán os centros de ensinanzas artísticas superiores dos recursos necesarios para facilitar o seu funcionamento, desenvolver os seus obxectivos nas áreas da docencia, da investigación e da creación artística, de acordo co artigo 120.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a normativa que a desenvolve. Así mesmo, estes centros disporán de autonomía na súa xestión económica de acordo co artigo 123.1 de mencionada lei orgánica. As administracións educativas

regularán a participación nos centros que impartan ensinanzas artísticas superiores de acordo coa normativa básica que establece o Goberno.

Disposición adicional sétima. *Articulación da oferta de ensinanzas.*

Correspóndelles ás administracións educativas, de acordo cos criterios que determinen nos seus protocolos de avaliación a ANECA e os órganos de avaliación das comunidades autónomas, o establecemento das medidas necesarias para articular a adecuada diferenciación da oferta das ensinanzas artísticas a que se refire este real decreto coa das ensinanzas universitarias que puidesen pertencer a ámbitos disciplinares coincidentes con estas, de tal modo que non se establezan outros títulos oficiais cuxas denominacións, contidos formativos ou competencias profesionais sexan coincidentes substancialmente cos títulos de grao e máster referidos nos artigos 8 e 9 deste real decreto.

Disposición adicional oitava. *Incorporación ás novas ensinanzas.*

En cada unha das normas de regulación das correspondentes ensinanzas artísticas superiores estableceranse os oportunos mecanismos que garantan que os estudantes que comezasen os seus estudos conforme a anterior ordenación poidan continuar os estudos polo plan de estudos polo que os iniciaron, sempre de acordo co calendario que se estableza, así como de facilitar a súa incorporación ás novas ensinanzas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase en virtude das competencias que se lle atribúen ao Estado no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia de establecer o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ao ministro de Educación ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas de desenvolvemento e execución da lexislación básica do Estado.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL